

REQUISITOS PARA A EMISIÓN DO INFORME DE SOSTIBILIDADE FINANCEIRA DE COMPETENCIAS DO ARTIGO 3.4 DA LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO, DE MEDIDAS URGENTES DERIVADAS DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

1. Presentación da solicitude

De acordo co artigo 6 da Lei 5/2014, as solicitudes deberán presentarse na Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que solicitará o informe de non duplicidade á consellería competente por razón de materia e o de sostibilidade financeira á Consellería de Facenda e Administración Pública.

2. Documentación a presentar xunto á solicitude para a emisión do informe de sostibilidade financeira.

- Memoria da persoa titular da presidencia da corporación local co contido establecido no artigo 3.5 da citada lei.
- Liquidación consolidada do exercicio anterior, orzamento do exercicio corrente e información sobre o PMP, que só se remitirá no caso de que no se teña publicado na *Oficina Virtual para la coordinación financiera con las entidades locales do Ministerio de Hacienda*. Tomarase en consideración a execución orzamentaria do 4º trimestre do exercicio inmediato anterior, ata que sexa obrigatoria a remisión da liquidación orzamentaria.
- Informe da Intervención da entidade sobre a sostibilidade financeira da facenda local co exercicio da nova competencia no que se analice a capacidade da entidade local de asumir a nova competencia sen condicionar a sostibilidade financeira local, e que debe incluír como mínimo a seguinte información:



- A análise do custo da nova competencia e o seu reflexo nos orzamentos, con valoración da necesidade de acudir ao endebedamento financeiro. Incluirase unha proxección a 5 anos dos gastos e ingresos vinculados á nova competencia, salvo que a vixencia sexa inferior, caso no que se limitará a ese período temporal.
- Incidencia do exercicio da nova competencia sobre as seguintes magnitudes:
 - Aforro neto .
 - Remanente de tesourería para gastos xerais.
 - Conta 413.
 - Estabilidade orzamentaria.
 - PMP.
- Calquera outro documento que se estime relevante para a presentación da solicitude, como a copia do contrato que se pretenda licitar no caso de que a competencia vaia a ser exercida mediante xestión indirecta, informes técnicos, resolución de concesión de subvencións vinculadas ao exercicio da competencia, ou calquera outra a considerar pola entidade.

Santiago de Compostela, marzo de 2023